



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2025

En Laxe, sendo as 18:00 horas do 10 de setembro de 2025, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Don Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Fernando del Moral Regaldíe (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS).

Non asiste Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)

Actúa como secretaria-interventora deste concello, Dona Begoña Carrasco García.

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 2/2025. EXPTE. NÚM. 2025/A008/000028.

Dase conta da seguinte proposta:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2025

Expte. Admvo. Núm. 2025/A008/000028

O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión realizada o 31/05/2024, aprobou a modificación das bases reguladoras do POS+ 2024 para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS Adicional 2/2024 e 3/2024 e os seus anexos, publicando esta modificación no BOP núm. 108 de 05/06/2024.

Con data do 02/06/2025, a Deputación Provincial enviou a este concello circular específica para a elaboración do POS+ Adicional 2/2025 para investimentos financeiramente sostibles, na que se comunicaba que a cantidade que lle corresponde a este concello no POS+ ADICIONAL 2/2025 é de 130.458,21 euros.

O POS+ Adicional 2/2025 contén unha previsión de regulación na base 13 das bases do POS+ 2025, para o caso de que a Deputación acorde realizar unha maior achega provincial ao POS+2025 a través do POS+ Adicional 2/2025. Con esta finalidade, no expediente de modificación de créditos 2/2025, aprobado inicialmente polo Pleno da Deputación na sesión realizada o 30 de maio de 2025, consignouse unha achega provincial por importe de 30.000.000,00 € destinada ao financiamento do POS+ Adicional 2/2025 que, pola procedencia dos fondos provinciais, está unicamente destinado á realización de investimentos financeiramente sostibles.

De acordo co previsto na base 13.3 en relación coa 4.3, a través deste Plan realízase o "reinvestimento", nos concellos nos que se produciron, das baixas de licitación, anulacións de investimentos, economías de máis de 5.000,00 € e outras achegas provinciais non aplicadas polos concellos procedentes do POS+2020 ao POS+ 2023 que non foron previamente reinvestidas; e o resto da achega provincial distribuirase entre os 93 concellos da provincia aplicando os mesmos criterios obxectivos previstos na base 4.1.

Considerando o exposto, con respecto ao POS+ Adicional 2/2025, formúlase a seguinte proposta ao Pleno:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2025” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
Proxecto técnico de Reurbanización do tramo norte da Rúa Camiño de besugueira	127.687,39 0 €		2.312.61 €	2.312.61 €	130.000.00 €
TOTAL	127.687,39 0 €		2.312.61 €	2.312.61 €	130.000.00 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE	Deputación	Concello			
		Concello	IVE soportado deducible	Total concello	Orzamento Total
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)					
Investimentos incluídos no Plan					

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	127.687,39 €		2.312.61 €	2.312.61 €	130.000.00 €
TOTAL	127.687,39 €		2.312.61 €	2.312.61 €	130.000.00 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Tras unha breve explicación do expediente por parte do sr. alcalde, intervén o concelleiro do BNG, don Xosé Manuel Pose Lema, indicando que o proxecto non está asinado por técnico competente, e que como xa tiña dito en anteriores ocasións, un enxeñeiro técnico industrial non é o profesional competente para este tipo de proxectos, facendo constar en acta estas manifestacións así como que o dito é unha prevaricación de libro. Indica a continuación que non obstante o anterior o seu voto será favorable xa que son as obras do POS.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 [6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) e 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS)

Polo tanto, queda aprobado o seguinte acordo:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Investimentos financeiramente sostíbles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostíbles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
Proxecto técnico de Reurbanización do tramo norte da Rúa Camiño de besugueira	127.687,39 €	0	2.312.61 €	2.312.61 €	130.000.00 €
TOTAL	127.687,39 €	0	2.312.61 €	2.312.61 €	130.000.00 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE	Deputación	Concello			
		Concello	IVE soportado deducible	Total concello	Orzamento Total
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	127.687,39 €		2.312.61 €	2.312.61 €	130.000.00 €
TOTAL	127.687,39 €		2.312.61 €	2.312.61 €	130.000.00 €



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

2.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2024. EXPTE. NÚM. 2025/T017/000001.

Dase conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DE 2024

Dase conta seguidamente do estado de tramitación do expediente incoado para a aprobación, se procede, da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio de 2024, e nomeadamente do ditame previo favorable emitido pola Comisión Informativa Especial de Contas de 1 de xullo de 2025, e da súa exposición ao público mediante o anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 127, de 7 de xullo de 2025, sen que se presentasen ao efecto reclamacións.

A vista do disposto nos artigos 212 e 223, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais – aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación á Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio de 2024 nos termos da súa redacción.

Segundo.- Remisión da devandita Conta Xeral ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, de conformidade coa lexislación vixente.”

O alcalde explica brevemente a proposta.

Intervén a concelleira dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG) manifestando que o seu grupo votará a favor a pesar de que os gastos xa estén feitos. Sinalan que agradecerían que se facilitara con mais tempo os puntos do día para poder estudialos.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 [6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) e 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS)

Polo tanto, queda aprobado o seguinte acordo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Primeiro.- Prestar aprobación á Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio de 2024 nos termos da súa redacción.

Segundo.- Remisión da devandita Conta Xeral ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, de conformidade coa lexislación vixente.

Rematado o obxecto da presente sesión, o alcalde da por finalizada, sendo ás 18:06 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, estendéndose por min a secretaria-interventora a presente acta que asina o alcalde; para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.